



Audioguía de Natureza e paisaxes

Nesta comarca o patrimonio natural e o cultural compiten á par en grandiosidade e autenticidade. Desde o Monte Faro en Rodeiro ata o Monte Seixo ou “montaña máxica”, en Forcarei, podes percorrer espazos naturais únicos.

A fraga da Catasós en Lalín ou os Sobreirais do Arnego en Agolada sorpréndennos, nos seus roteiros, coa maxestuosidade de especies centenarias únicas en Galicia.

O Faro e o Farelo, que separan Rodeiro e Agolada da provincia de Lugo, exercen de miradoiros privilexiados dunha fermosa paisaxe de transición cara o río Ulla onde desembocan os afluentes locais do Arnego, Deza ou Liñares. Un río tranquilo do que se pode desfrutar na área recreativa de A Carixa en Vila de Cruces, de Couso en A Estrada ou de Cira en Silleda.

No centro da comarca, a nosa cita está na Serra do Candán: onde xeoloxía, natureza salvaxe e etnografía conviven neste espazo Rede Natura. Desde Bustelos, en Lalín, ou desde Fixó de Millerada, en Forcarei, podemos achegarnos o alto do Coco para divisar a ría de Pontevedra e as 4 provincias. Tamén podemos descender ao val de Grovas sendeireando por esta aldea abandonada nos anos 60 ou podemos aventurarnos por vellos camiños que nos levan por muíños, pontellas, alvarizas, mámoas e portelos típicos da etnografía desta zona. Se queres coñecer a súa historia relacionada cos mosteiros desta comarca, recoméndase escoitar a audioguía de Patrimonio histórico e monumental.

Os altos cumios do Seixo, o Costoia, o Coco ou Pena de Francia son espazos ideais para o turismo de montaña que contan ademais cunha rica biodiversidade conformada por aves de interese comunitario como a tartaraña cincenta ou o peto formigueiro e grandes extensións de urces, carqueixas e toxo que forman vivos manto e cor e luz na primavera.

En Monte Seixo en Forcarei e nos Montes da Serra e do Peón en Sabucedo os cabalos salvaxes son gardiáns da mítica Terra de Montes.



Estás nunha terra de fervezas nas que os regatos serpenteantes forman paisaxes únicas nos meses de chuvia. Con fervezas na que a auga é maxia como a de Rego de Insuela en Codeseda; a de Toiriz en Vila de Cruces ou a da Graña de Tras do Monte, en Forcarei; con máis de 15 metros de altura ao lado dunha vella fábrica da luz. E xunto a elas, a raíña das fervezas das Rías Baixas; a do Toxa en Silleda con 30 metros de altura e inmersa nun fermoso bosque autóctono.

Nas Brañas de Xestoso -nos lindes de Forcarei, Silleda e A Estrada- atoparás unha das turbeiras de referencia en Galicia; lugar de interese ornitológico e de historia rural. A Lagoa, como a coñece poboación local, conta con máis de 1000 hectáreas de hábitat extraordinario e fráxil orixinados na Prehistoria. Os seus muros de pedra seca gardan lendas de batallas de mouros, as súas augas son a mellor representación galega de turbeiras acedas de esfagno e se miras cara o ceo poderás observar papuxas comúns, escribentas amarelas e nalgunha ocasión o aguia pálida.

Tes ante ti un mapa de biodiversidade por descubrir. Os ríos e montes marcan diferentes rutas para que chegues ao mesmo destino: o corazón verde de Galicia.